

CA

CONTAS ANUAIS 2012

Amtega

Xuño 2013

XUNTA DE GALICIA

amtega
Agencia para a
Modernización Tecnolóxica



XUNTA DE GALICIA



A 31/12/2012

I. BALANCE DE SITUACIÓN



XUNTA DE GALICIA



AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA)				
BALANCE A 31 DE DECEMBRO DE 2012				
(Expresado en Euros)				
ACTIVO	Notas	2012	PASIVO	Notas
A) INMOBILIZADO II. Inmobilizacións inmateriais 2. Propiedade industrial 3. Aplicacións informáticas 6. Amortizacións III. Inmobilizacións materiais 1. Instalacións técnicas e maquinaria 2. Mobiliario 3. Outro Inmobilizado 4. Amortizacións	10 a)	4.743,60	A) FONDOS PROPIOS	6 d)
		19.866.726,62	I. Patrimonio	
		(3.821.694,16)	1. Patrimonio	
	10 b)	21.355.184,62	IV: Resultados do exercicio	
C) ACTIVO CIRCULANTE III. Debedores IV. Tesourería	8	20.209.708,76	E) ACREEDORES A CURTO PRAZO	
		(5.805.087,61)	III. Acreedores	
TOTAL ACTIVO		18.715.703,72	1. Acreedores orzamentarios	
		9.993.199,01	2. Acreedores non orzamentarios	
		80.521.662,79	4. Administracións públicas	
			TOTAL PASIVO	
				80.521.662,79




XUNTA DE GALICIA



A 31/12/2012

II. CONTA DO RESULTADO
ECONÓMICO-PATRIMONIAL



AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA)

CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL DO EXERCICIO DE 10 MESES REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2012
(Expresada en Euros)

DEBE		Notas	2012	HABER		Notas	2012
A) GASTOS				B) INGRESOS			
2. Otros gastos de gestión ordinaria				3. Otros ingresos de gestión ordinaria			
a) Gastos de personal				g) Otros intereses e ingresos asimilados			
a.1) Soldos, salarios e asimilados			2.954.145,83	g.1) Otros intereses		8 a)	5.451,59
a.2) Cargas sociales			772.578,59	4. Transferencias e subvenciones			
c) Dotación para amortizaciones de inmovilizado			9.626.781,77	a) Transferencias corrientes			7.805.443,14
e) Otros gastos de gestión		10	1.719.904,56	b) Transferencias de capital			41.382.065,02
3. Transferencias e subvenciones		7 e)					
a) Transferencias corrientes			40.497,27				
b) Subvenciones corrientes			870.609,55				
c) Transferencias de capital			52.308,56				
d) Subvenciones de capital			4.832.805,94				
AFORRO			28.323.327,68	DESAFORRO			



XUNTA DE GALICIA



A 31/12/2012

III. ESTADO DE LIQUIDACIÓN
DO ORZAMENTO



XUNTA DE GALICIA



CONTA	DESCRIPCIÓN	DEFINITIVO (1)	GASTOS COMPROMETIDOS (2)	OBRIGAS RECONEC NETAS (3)	REMANENTE S DE CRÉDITO (4)=(1)-(3)	PAGAMENTOS (5)	OBRIG.PTES PAG. A 31/DEC (6)=(3)-(5)
100	Retribucións básicas	42.438,38	37.363,63	37.363,63	5.074,75	37.363,63	-
120	Soldos por subgrupos	1.309.600,35	779.376,54	779.376,54	530.223,81	779.376,54	-
121	Complementos de carreira	1.372.503,72	1.107.188,07	1.107.188,07	265.315,65	1.107.188,07	-
130	Prestacións por diferenzas retributivas	424.565,31	409.924,21	409.924,21	14.641,10	409.924,21	-
133	Trienios	238.874,16	171.930,10	171.930,10	86.944,06	171.930,10	-
134	Outras remuneracións	563.764,85	448.363,28	448.363,28	115.401,57	448.363,28	-
151	Gratificacións	584,15	-	-	584,15	-	-
160	Seguridade Social	1.004.248,39	772.578,59	772.578,59	231.669,80	141.160,14	631.418,45
CAPITULO I: GASTOS DE PERSOAL							
213	Maquinaria, instalacións e utensilios	4.976.579,31	3.726.724,42	3.726.724,42	1.249.854,89	3.095.305,97	631.418,45
215	Mobiliario e utensilios	3.626,74	149,52	149,52	3.477,22	149,52	-
216	Equipamentos para procesos de información	600,00	-	-	600,00	-	-
220	Material informático	430.745,73	323.815,72	319.791,96	110.953,77	113.406,69	206.385,27
221	Subministrados	177.289,07	56.988,75	56.988,75	120.300,32	4.411,04	52.577,71
222	Telefonía e postais	6.082,06	694,47	694,47	5.387,59	694,47	-
223	Transportes	986.230,59	955.706,71	954.438,48	31.792,11	24.444,69	929.993,79
226	Reunións, conferencias e cursos	8.000,00	13.939,65	13.939,65	(5.939,65)	13.939,65	-
227	Estudos e traballos técnicos	16.205,61	7.139,64	7.139,64	9.065,97	1.440,00	5.699,64
230	Axudas de custo	319.133,09	327.633,45	326.182,25	(7.049,16)	87.429,41	238.752,84
231	Locomoción	12.846,06	1.782,00	1.782,00	11.064,06	1.782,00	-
		38.952,65	11.228,76	11.228,76	27.723,89	10.000,00	1.228,76



XUNTA DE GALICIA



CONTA	DESCRIPCIÓN	DEFINITIVO (1)	GASTOS COMPROMETIDOS (2)	OBRIGAS RECONEC NETAS (3)	REMANENTE S DE CRÉDITO (4)=(1)-(3)	PAGAMENTOS (5)	OBRIG.PTES PAG.A 31/DEC (6)=(3)-(5)
CAPITULO II: GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS		1.999.711,60	1.699.078,67	1.692.335,48	307.376,12	257.697,47	1.434.638,01
403	Transferencias correntes a entes públicas	65.000,00	65.000,00	65.000,00	-	65.000,00	-
441	Transferencias correntes a Sociedades mercantis	240.497,27	40.497,27	40.497,27	200.000,00	40.497,27	-
460	Transferencias a entidades locais	1.017.336,00	985.268,10	805.609,55	211.726,45	768.700,66	36.908,89
CAPITULO IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES		1.322.833,27	1.090.765,37	911.106,82	411.726,45	874.197,93	36.908,89
603	Desenvolvemento tecnoloxías da información e telecomunicacións	11.697.043,86	9.435.831,51	5.484.552,26	6.212.491,60	3.242.028,88	2.242.523,38
604	Infraestruturas básicas de apoio ó desenvolvemento do sector primario	550,00	550,00	-	550,00	-	-
626	Equipos para procesos de información	28.051.614,50	24.163.935,36	20.253.972,65	7.797.641,85	5.635.960,25	14.618.012,40
633	Outro inmovilizado	53.746,57	31.682,06	23.195,50	30.551,07	23.195,50	0,00
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	13.826.945,76	12.142.969,69	10.810.807,97	3.016.137,79	4.968.373,29	5.842.434,68
CAPITULO VI: INVESTIMENTOS REAIS		53.629.900,69	45.774.968,62	36.572.528,38	17.057.372,31	13.869.557,92	22.702.970,46
741	Transferencias de capital a Sociedades mercantis da CAG	85.239,72	85.239,72	-	85.239,72	-	-
743	Transferencias de capital a entes públicas	400.000,00	400.000,00	400.000,00	-	400.000,00	-
760	Outras transferencias	720,48	-	-	720,48	-	-
770	Achegas ás empresas	3.864.761,74	3.267.153,14	1.194.792,95	2.669.968,79	1.031.946,56	162.846,39
775	Extensión da banda larga	15.285.001,27	14.740.000,00	2.285.000,00	13.000.001,27	-	2.285.000,00
781	Achegas a institucións sen fins de lucro	1.989.452,70	1.238.464,03	1.005.321,55	984.131,15	955.351,17	49.970,38
CAPITULO VII: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		21.625.175,91	19.730.856,89	4.885.114,50	16.740.061,41	2.387.297,73	2.497.816,77
TOTAIS		83.554.200,78	72.022.393,97	47.787.809,60	35.766.391,18	20.484.057,02	27.303.752,58



XUNTA DE GALICIA



Estado de liquidación do orzamento do exercicio de 10 meses rematado o 31 de decembro de 2012

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

A Axencia recibiu durante o exercicio 2012 un importe de 41.382.065,02 euros e 7.805.443,14 euros de transferencias de capital e correntes respectivamente, das cales están pendentes de cobramento 18.715.703,72 euros ao 31 de decembro de 2012. Aparte das transferencias recibidas, a Amtega tivo no exercicio 2012 ingresos por xuros financeiros por importe de 5.451,59 euros (véxase nota 8 (a)).



XUNTA DE GALICIA

Anttega
Axencia para a
Modernización Tecnolóxica

Concepto	Dereitos recoñecidos NETOS	Obrigas recoñecidas NETAS	IMPORTES
1. (+) Operacións non financeiras	49.187.508,16	47.787.809,60	1.399.698,56
2. (+) Operacións con activos financeiros	5.451,59	-	5.451,59
3. (+) Operacións comerciais	-	-	-
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2+3)	49.192.959,75	47.787.809,60	1.405.150,15
II. VARIACIÓN NETA DE PASIVOS FINANCEIROS	-	-	-
III. SALDO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I+II)			1.405.150,15
4. (+) Créditos Gastados Financiados con remanente de Tesourería			-
5. (-) Desviacións de financiación positivas por recursos do exercicio en gastos con financiación afectada			-
6. (+) Desviacións de financiación negativas en gastos con financiación afectada			-
IV. SUPERÁVIT OU DÉFICIT DE FINANCIACIÓN DO EXERCICIO (III+4+5+6)			1.405.150,15



XUNTA DE GALICIA



A 31/12/2012

IV. MEMORIA



(1)	Organización	1
(2)	Bases de presentación	2
(3)	Distribución de Resultados	3
(4)	Principios Contables e Normas de Valoración Aplicados	3
(a)	Inmobilizacións inmateriais e materiais	3
(b)	Debedores	4
(c)	Curto/longo prazo	4
(d)	Ingresos e gastos	4
(e)	Situación fiscal	4
(5)	Estado Operativo	4
(6)	Información de Carácter Financeiro	5
(a)	Cadro de financiamento	5
(b)	Remanente de tesourería	6
(c)	Tesourería	7
(d)	Fondos Propios	7
(7)	Información sobre a Execución do Gasto Público	8
(a)	Modificación de crédito	8
(b)	Remanentes de crédito	8
(c)	Clasificación funcional do gasto	9
(d)	Contratación administrativa	10
(e)	Transferencias e subvencións concedidas	11
(f)	Convenios	12
(g)	Persoal	12
(h)	Anticipos de tesourería	12
(i)	Compromisos de gasto con cargo a orzamentos de exercicios posteriores	12
(8)	Información sobre a Execución do Ingreso Público	13
(a)	Proceso de xestión	13
(b)	Debedores orzamentarios	13
(c)	Dereitos orzamentarios pendentes de cobro segundo o seu grao de esixibilidade	13
(d)	Compromisos de ingreso con cargo a orzamentos de exercicios posteriores	14
(9)	Gastos con Financiamento Afectado	14
(10)	Información sobre o Inmobilizado non Financeiro	14
(a)	Inmobilizacións inmateriais	14
(b)	Inmobilizacións materiais	15
(11)	Información sobre o Endebedamento	15
(12)	Outra Información	16



(1) Organización

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega) é unha axencia pública autonómica creada polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro. A súa constitución efectiva produciuse con data 9 de marzo de 2012.

No artigo 1 dos seus estatutos establécese que a Amtega ten personalidade xurídica diferenciada respecto da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión, dentro dos límites establecidos pola normativa vixente e por este estatuto.

A Amtega aglutina as competencias que correspondían á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e concentra os recursos humanos, materiais e orzamentarios asociados ás actuais estruturas TIC dispersas no sector público autonómico. De conformidade co disposto na disposición adicional terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Amtega está adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia.

A Disposición adicional cuarta do citado Decreto 252/2011, do 15 de decembro, establece que a Amtega asumirá progresivamente, de conformidade co plan para a posta en marcha da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia e para a integración dos servizos tecnolóxicos da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 21 de xullo de 2011, e de acordo co disposto na disposición transitoria terceira deste decreto, a prestación de servizos en materia de tecnoloxías da información e comunicacións ás consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma e ás entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

Polo tanto, a Amtega queda subrogada, desde o momento da súa asunción efectiva, en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas relativos ás competencias en materia tecnolóxica que asuma das distintas consellerías e entidades públicas delas dependentes.

O proceso de integración é gradual e comeza co acto de creación da entidade instrumental e aprobación dos seus estatutos. Coa constitución da Axencia incorporáronse os medios persoais, que correspondían á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e o persoal TIC das secretarías xerais da Presidencia xunto co persoal TIC da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza. Esta primeira fase culminou no primeiro trimestre do ano 2012.

Nunha segunda fase, que tivo lugar ao longo do ano 2012, adscribíronse á Amtega os servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións doutras 5 consellerías: Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; Economía e Industria; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; Traballo e Benestar; e Medio Rural e do Mar.

Esta transición acharase completada nun prazo máximo de catro anos, cando finalice a adscrición á Axencia dos servizos, recursos económicos e persoal TIC das distintas consellerías e entidades integrantes do sector público autonómico.

O seu domicilio encóntrase no Complexo Administrativo Cidade da Cultura, s/n, en Santiago de Compostela (A Coruña).



Os obxectivos básicos a que debe dar cumprimento a Axencia acadaranse mediante a prosecución dos seguintes obxectivos específicos:

- Favorecer a prestación dun modelo de servizos flexible e o principio de responsabilidade pola xestión.
- Optimizar o rendemento da entidade, demostrando que a austeridade non está rifada coa eficacia e a responsabilización por obxectivos.
- Promover a participación e colaboración do ámbito privado, tanto empresarial como de entidades que dan soporte á innovación e ao desenvolvemento tecnolóxico.
- Asegurar a posibilidade de participación das consellerías con iniciativas no ámbito tecnolóxico, para corresponsabilizar e aliar esforzos de todo o Goberno e a administración da comunidade autónoma. Isto tradúcese principalmente na participación daquelas no Consello Reitor da Axencia.

En canto ao estatuto, prevese a existencia de órganos de goberno (Presidencia e Consello Reitor), de goberno executivos (Dirección) e de control (Comisión de Control).

Con respecto á organización interna, a Amtega dispón dunha estrutura de persoal que responde a este modelo organizativo:

1. Como persoal directivo, ademais do Xerente, conta con 4 Directores de Área (Infraestruturas e Telecomunicacións, Modernización das Administracións Públicas, Solucións Tecnolóxicas Sectoriais e Sociedade Dixital).
2. Para as funcións administrativas conta cos seguintes Departamentos: persoal, xurídico, orzamentario, contratación e relacións institucionais.

A normativa reguladora da Axencia é a seguinte:

- Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.
- Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2012.
- Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.
- Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia.
- Orde do 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.
- Orde da Consellería de Facenda do 6 de novembro de 2012 pola que se regulan as operacións de cerramento do exercicio de 2012.

(2) Bases de presentación

No cumprimento da lexislación vixente a Directora da Axencia formulou estas contas anuais co obxecto de mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados das súas operacións, da liquidación do orzamento e dos cambios na situación financeira do exercicio de 10 meses rematado o 31 de decembro de 2012, así como a proposta de distribución de resultados do dito exercicio.

Estas contas anuais preparáronse a partir dos rexistros auxiliares de contabilidade da Axencia.

Na interpretación das presentes contas anuais debe terse en conta que o aforro contido na conta do resultado económico-patrimonial do exercicio 2012 difire do resultado orzamentario incluído no estado de liquidación do orzamento ademais de por axustes necesarios para a adaptación de ambas políticas contables, pola existencia de gastos por importe de 3.968.503,89 euros incorridos en 2012 e que foron obxecto de recoñecemento a efectos da contabilidade financeiro-patrimonial, de conformidade co disposto nas normas establecidas no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia aprobado pola Orde do 28 de novembro de 2011.

Estas contas anuais son as primeiras que a Axencia prepara aplicando o Plan de Contabilidade Pública de Galicia aprobado pola Orden do 28 de novembro de 2001. Neste sentido, estas contas anuais considéranse iniciais, polo que non inclúen cifras comparativas.

(3) Distribución de Resultados

A proposta de distribución de resultados do exercicio de 10 meses terminado en 31 de decembro de 2012, o cal ascende a 28.323.327,68 euros, formulada pola Directora e que se someterá á aprobación do Consello Reitor da Axencia, consiste en traspasar o aforro do exercicio á conta de resultados positivos de exercicios anteriores.

(4) Principios Contables e Normas de Valoración Aplicados

Estas contas anuais fórmulanse de acordo cos principios contables e normas de valoración e clasificación contida no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. Os principais principios aplicados son os seguintes:

(a) Inmobilizacións inmateriais e materiais

As inmobilizacións inmateriais e materiais valóranse polo seu custe de adquisición ou valor de achega, segundo proceda, e preséntanse netas das súas correspondentes amortizacións acumuladas.

A amortización dos elementos do inmovilizado inmaterial e material realízase sobre os valores de custe ou de achega segundo proceda, seguindo o método lineal durante os seguintes anos de vida útil estimada pola Axencia:

	Anos de vida útil
Propiedade industrial	10
Aplicacións informáticas	5
Instalacións técnicas e maquinaria	10
Utensilios e mobiliario	10
Equipos para procesos de información	5



Os gastos de mantemento e as reparacións do inmovilizado inmaterial e material, segundo proceda, que non melloran a súa utilización ou non prolongan a súa vida útil cárganse á conta do resultado económico-patrimonial no momento en que se incorren.

(b) Debedores

A Axencia segue o criterio de dotar aquelas provisións para insolvencias que permiten cubrir os saldos de certa antigüidade ou nos que concorren circunstancias que permiten razoablemente a súa cualificación como de dubidoso cobro.

(c) Curto/longo prazo

No balance clasifícanse a curto prazo os créditos e débedas con vencemento igual ou inferior a doce meses desde a data de peche do exercicio e a longo prazo cando exceden de dito período.

(d) Ingresos e gastos

Os gastos e ingresos que xurdan da execución do orzamento impútanse cando, de acordo co procedemento establecido en cada caso, se ditan os correspondentes actos administrativos. No caso das subvencións concedidas pola Axencia, os gastos derivados delas recoñécense no momento en que, recibida unha solicitude de cobro por parte do interesado, se acredite a realización e pagamento das actuacións subvencionadas e o resto de requisitos que se lle requiren na resolución de concesión da subvención.

De acordo coa normativa contable aplicable, as transferencias e subvencións recibidas, sexan correntes ou de capital, abónanse a resultados no momento en que son concedidas.

Seguindo o principio de prudencia, a Axencia unicamente contabiliza os ingresos efectivamente realizados ao peche do exercicio, en tanto que os riscos previsibles e as perdas eventuais contabilízanse tan pronto son coñecidos.

(e) Situación fiscal

A AMTEGA é un ente de dereito público adscrito á Presidencia da Xunta de Galicia. En base a isto e ao disposto no artigo 9 da Lei do Imposto sobre Sociedades en relación coa exención total de que gozan determinados entes do sector público, a Axencia encóntrase exento do Imposto sobre Sociedades.

(5) Estado Operativo

O estado operativo da Axencia correspondente ao exercicio 2012, que inclúe as obrigas e os dereitos recoñecidos no exercicio de acordo coa súa clasificación económica, preséntase a continuación:



<u>GASTOS ORZAMENTARIOS</u>	<u>EUROS</u>	<u>INGRESOS ORZAMENTARIOS</u>	<u>EUROS</u>
Persoal	3.726.724,42	Transferencias correntes	7.805.443,14
Gastos correntes	1.692.335,48	Ingresos financeiros	5.451,59
Transferencias e subvencións correntes	911.106,82	Transferencias de capital	41.382.065,02
Inversións reais	36.572.528,38		
Transferencias e subvencións de capital	4.885.114,50		
TOTAIS	47.787.809,60	TOTAIS	49.192.959,75

(6) Información de Carácter Financeiro**(a) Cadro de financiamento**

O cadro de financiamento da Axencia correspondente ao exercicio 2012, en euros, preséntanse a continuación:

<u>FONDOS APLICADOS</u>	<u>2012</u>	<u>FONDOS OBTIDOS</u>	<u>2012</u>
1. Recursos aplicados en operación de xestión	11.242.850,30	1. Recursos procedentes de operación de xestión	
c) Servizos exteriores	1.719.904,56	e) Taxas, prezos públicos e contribucións especiais	49.192.959,75
e) Gastos de persoal	3.726.724,42	f) Transferencias e subvencións	49.187.508,16
g) Transferencias e subvencións	5.796.221,32	g) Ingresos financeiros	5.451,59
h) Gastos financeiros	-	h) Outros ingresos de xestión corrente e ingresos excep. x.	-
i) Outras, perdas de xestión corrente e gastos excepción	-	4. Débedas a longo prazo	-
j) Dotación provisións de activos circulares	-	b) Préstamos recibidos	-
4. Adquisicións e outras altas de inmovilizado	40.513.463,19	5. Alleamento e outras baixas de inmovilizado	-
b) I. inmatériaais	17.991.978,42	c) I. materiais	-
c) I. materiais	22.521.484,77	d) I. financeiras	-
e) I. financeiras	-	6. Cancelación anticipada ou traspaso a c/p de inmov. Financ.	-
6. Cancelación ou traspaso a c/p de débedas a l/p	-		
c) Outros conceptos	-	TOTAL ORIXES	49.192.959,75
TOTAL APLICACIÓNS	51.756.313,49	EXCESO DE APLICACIÓN S/ORIXES (DIMINUCIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE)	2.563.353,74
EXCESO DE ORIXES S/APLICACIÓN S (AUMENTO DO CAPITAL CIRCULANTE)	-		



<u>VARIACION DO CAPITAL CIRCULANTE</u>	<u>EXERCICIO 2012</u>	
	<u>AUMENTOS</u>	<u>DIMINUCIÓNS</u>
2. Debedores	18.715.703,72	-
a) Orzamentarios	18.715.703,72	-
3. Acredores	-	31.272.256,47
a) Orzamentarios	-	30.640.838,02
b) Non orzamentarios	-	631.418,45
7. Tesourería	9.993.199,01	-
c) Outros bancos e institucións de crédito	9.993.199,01	-
TOTAL VARIACIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE	(2.563.353,74)	

(b) Remanente de tesourería

Os estado do remanente de tesourería da Axencia ao 31 de decembro de 2012 é o seguinte:

<u>CONCEPTOS</u>		<u>EUROS</u>
1.	(+) Dereitos pendentes de cobro	18.715.703,72
	- (+) de Presuposto corrente	18.715.703,72
	- (+) de Presupostos pechados	-
	- (+) de operacións non orzamentarias	-
	- (-) de dubidoso cobro	-
2.	(-) Obrigas pendentes de pagamento	27.303.752,58
	- (+) de Presuposto corrente	26.672.334,13
	- (+) de Presupostos pechados	-
	- (+) de operacións non orzamentarias	631.418,45
3.	(+) Fondos líquidos	9.993.199,01
I.	Remanente de Tesouraría afectado	-
II.	Remanente de Tesouraría non afectado	1.405.150,15
III.	Remanente de Tesouraría total (1-2+3)=(I+II)	1.405.150,15

(c) Tesourería

O estado de tesourería da Axencia correspondente ao exercicio 2012 preséntase a continuación:

<u>CONCEPTOS</u>		<u>EUROS</u>
1. COBROS		30.477.256,03
- (+) do Orzamento corrente	30.471.827,88	
- (+) de Orzamentos pechados	-	
- (+) de operacións non orzamentarias	5.428,15	
2. PAGAMENTOS		20.484.057,02
- (+) do Orzamento corrente	20.484.057,02	
- (+) de Orzamentos pechados	-	
- (+) de operacións non orzamentarias	-	
I. Fluxo neto de Tesouraría do exercicio (1-2)		9.993.199,01
3. Saldo inicial de Tesouraría		-
II. Saldo final de Tesouraría (I+3)		9.993.199,01

(d) Fondos Propios

O movemento en 2012 no epígrafe de "Fondos Propios" do balance é o seguinte (en euros):

	<u>Saldo 9/3/2012</u>	<u>Altas</u>	<u>Traspasos</u>	<u>Saldo 31/12/2012</u>
Patrimonio	-	20.926.078,64	-	20.926.078,64
Resultados do exercicio	-	28.323.327,68	-	28.323.327,68
Totais	-	49.249.406,32	-	49.249.406,32

O importe rexistrado en "patrimonio" correspóndese aos seguintes conceptos:

- Aplicacións informáticas por importe de 1.879 miles de euros correspondentes ás adscricións da extinta Secretaría Xeral de Modernización Tecnolóxica e Innovación.
- 5.932 miles de euros que se corresponden aos equipos para procesos de información procedentes das adscricións da extinta Secretaría Xeral de Modernización Tecnolóxica e Innovación.
- Infraestruturas tecnolóxicas incluídas na encomenda do Plan de Banda Larga a Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. por importe de 13.115 miles de euros.



Os devanditos importes encóntranse rexistrados nos epígrafes correspondentes do inmovilizado inmaterial e material segundo corresponda (nota 10).

(7) Información sobre a Execución do Gasto Público

(a) Modificación de crédito

A AMTEGA elaborou o orzamento correspondente ao exercicio 2012 tendo en conta a natureza económica dos ingresos e dos gastos, así como as finalidades e obxectivos que se propoñen conseguir. O citado orzamento é público, único e equilibrado. A súa estrutura e o seu sistema contable axústanse ás normas que con carácter xeral se establecen para o sector público a efectos de normalización contable.

Os créditos iniciais son os asignados a cada partida orzamentaria no presuposto aprobado para cada exercicio nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Os créditos definitivos veñen determinados polos créditos iniciais aumentados ou diminuídos como consecuencia de modificacións orzamentarias, que se realizan conforme ao disposto no Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia. Os créditos presupostados en euros para o exercicio de dez meses rematado o 31 de decembro de 2012 foron os seguintes (en euros):

Créditos iniciais	64.852.522,03
Modificacións orzamentarias	18.701.678,75
	<u>83.554.200,78</u>

(b) Remanentes de crédito

O detalle dos remanentes de crédito da Axencia correspondentes ao exercicio de dez meses rematado o 31 de decembro de 2012, atendendo á clasificación económica do gasto en euros, é o seguinte:

<u>Conta</u>	<u>Descrición</u>	<u>Remanentes comprometidos</u>	<u>Remanentes non comprometidos</u>
100	Retribucións básicas	-	5.074,75
120	Soldos por subgrupos	-	530.223,81
121	Complementos de carreira	-	265.315,65
130	Prestacións por diferenzas retributivas	-	14.641,10
133	Trienios	-	86.944,06
134	Outras remuneracións	-	115.401,57
151	Gratificacións	-	584,15
160	Seguridade Social	-	231.669,80
213	Maquinaria, instalacións e utensilios	-	3.477,22
215	Mobiliario e utensilios	-	600,00



216	Equipamentos para procesos de información	4.023,76	106.930,01
220	Material informático	-	120.300,32
221	Subministrados	-	5.387,59
222	Telefonía e postais	1.268,23	30.523,88
223	Transportes	-	(5.939,65)
226	Reunións, conferencias e cursos	-	9.065,97
227	Estudos e traballos técnicos	1.451,20	(8.500,36)
230	Axudas de custo	-	11.064,06
231	Locomoción	-	27.723,89
441	Transferencias correntes a Sociedades mercantís	-	200.000,00
460	Transferencias a entidades locais	179.658,55	32.067,90
603	Desenvolvemento tecnoloxías da información e telecomunicacións	3.951.279,25	2.261.212,35
604	Infraestruturas básicas de apoio ó desenvolvemento do sector primario	550,00	-
626	Equipos para procesos de información	3.909.962,71	3.887.679,14
633	Outro inmovilizado	8.486,56	22.064,51
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	1.332.161,72	1.683.976,07
741	Transferencias de capital a Sociedades mercantís da CAG	85.239,72	-
760	Outras transferencias	-	720,48
770	Achegas ás empresas	2.072.360,19	597.608,60
775	Extensión da banda larga	12.455.000,00	545.001,27
781	Achegas a institucións sen fins de lucro	233.142,48	750.988,67
TOTAL		24.234.584,37	11.531.806,81

(c) Clasificación funcional do gasto

O detalle da clasificación funcional do gasto da Axencia non é de obrigado cumprimento por mor de que a Axencia representa unha única unidade de gasto.



(d) Contratación administrativa

O detalle da contratación administrativa, distinguindo entre as distintas formas de adjudicación dos contratos, vixente durante o exercicio 2012 é o seguinte (en euros):

Tipo de contrato	Aberto	Negociado	Prórroga	Total xeral
Servizos	10.139.036,49	1.716.852,53	8.225.854,50	20.081.743,52
Subministro	2.010.149,60	136.744,98	-	2.146.894,58

O detalle de contratación, distinguindo entre a situación dos distintos contratos adjudicados pola Axencia durante o exercicio de dez meses rematado o 31 de decembro de 2012, en euros, é o seguinte:

Tipo de contrato	Convocado no 2012	Adjudicado no 2012	Pte. Adjudic. Ad 31/12/2012
Servizos	23.230.205,12	20.081.743,52	1.963.117,62
Subministro	5.299.700,00	2.146.894,58	2.923.000,00

Os adjudicatarios de contratos que superaron o 5% do importe total de contratación realizada pola AMTEGA durante o exercicio dez meses rematado o 31 de decembro de 2012 relaciónanse a continuación (en euros):

Adjudicatario	Importe Adjudicado
Altia Consultores, S.A.	4.514.281,82
Hewlett-Packard Española, S.L.	2.482.130,00
Indra Sistemas, S.A.	2.447.665,98
UTE Indra-Altia	2.167.110,00
Sistemas Avanzados de Tecnología, S.A. (SATEC)	1.834.843,76
Electrónica del Noroeste Servicios Generales, S.A.	1.111.514,53
Everis Spain, S.L.U.	1.021.289,18

(e) Transferencias e subvencións concedidas

O detalle das transferencias e subvencións concedidas pola Axencia durante o exercicio de dez meses rematado o 31 de decembro de 2012 con cargo aos orzamentos do devandito exercicio, xunto cos importes recoñecidos como obrigas e os pagamentos realizados, é o seguinte (en euros):

Conta	Descrición	Gastos comprometidos	Obrigas recoñecidas no exercicio	Importe pagado no exercicio	Obrigas pendente de pago a 31/12/2012
403	Transferencias correntes a entes públicas	65.000,00	65.000,00	65.000,00	-
441	Transferencias correntes a Sociedades mercantís	40.497,27	40.497,27	40.497,27	-
460	Transferencias a entidades locais	985.268,10	805.609,55	768.700,66	36.908,89
741	Transferencias de capital a Sociedades mercantís da CAG	85.239,72	-	-	-
743	Transferencias de capital a entes públicas	400.000,00	400.000,00	400.000,00	-
770	Achegas ás empresas	3.267.153,14	1.194.792,95	1.031.946,56	162.846,39
775	Extensión da banda larga	14.740.000,00	2.285.000,00	-	2.285.000,00
781	Achegas a institucións sen fins de lucro	1.238.464,03	1.005.321,55	955.351,17	49.970,38
Total		20.821.622,26	5.796.221,32	3.261.495,66	2.534.725,66

As principais obrigas recoñecidas pola Axencia son:

- Transferencias realizadas aos concellos da rede CeMIT por importe de 805 miles de euros.
- Transferencia destinada a Telefónica España, S.A.U. por importe de 2.285 miles de euros para a extensión de redes de acceso de banda larga no rural galego aprobada mediante a resolución do 25 de abril de 2011, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.
A presente obriga figura pendente de pago a 31 de decembro de 2012 como consecuencia da necesaria comprobación material polos servizos técnicos da AMTEGA do investimento realizado.
- Achegas a empresas e institucións sen fins de lucro destinadas ás actuacións para o fomento das novas tecnoloxías e apoio ao desenvolvemento do tecido empresarial galego.

Asemade, no exercicio de dez meses rematado o 31 de decembro de 2012, existen compromisos adquiridos con cargo a orzamentos de exercicios futuros por subvencións concedidas, de acordo co seguinte detalle (en euros):

Descrición	Importe concedido no exercicio (futuros)
A outros entes públicos	768.272,00
Total subvencións correntes	768.272,00
A outras entidades privadas	14.000.001,00
Total subvencións de capital	14.000.001,00
TOTAL	14.768.273,00

Os principais compromisos corresponden a axudas para a extensión de redes de acceso de nova xeración por importe de 6.100 miles de euros e subvencións para a extensión de redes de banda larga no rural por importe de 7.900 miles de euros.

(f) Convenios

O detalle dos convenios con terceiros formalizados pola Axencia durante o exercicio de dez meses rematado o 31 de decembro de 2012 preséntase no anexo I, que forma parte integrante desta nota.

(g) Persoal

O número medio de empregados da AMTEGA no exercicio dez meses rematado o 31 de decembro de 2012, por clasificación en categorías así como os soldos e salarios devengados en 2012, amósanse a continuación:

CATEGORÍA	NÚMERO MEDIO DE EMPREGADOS	SOLDOS (euros)
Directivos	1,00	40.141,23
Xerente	0,67	20.853,44
Directores de área	4,00	176.945,67
Xefes de servizo	15,11	462.180,75
Técnicos	74,11	1.360.890,03
Administrativos	52,67	893.134,71
Total	147,56	2.954.145,83

(h) Anticipos de tesourería

Durante o exercicio de 10 meses rematado o 31 de decembro de 2012 a Axencia non concedeu ningún anticipo de tesourería dos regulados no Artigo 63 do Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

(i) Compromisos de gasto con cargo a orzamentos de exercicios posteriores

A continuación detállanse, en euros, os saldos dos compromisos de gasto adquiridos pola Axencia ao 31 de decembro de 2012, imputables a orzamentos de exercicios sucesivos, con indicación da súa descrición, importe e exercicio ao que se imputan:



COMPROMISOS DE GASTOS ADQUIRIDOS CON CARGO A:				
DESCRIPCIÓN	2013	2014	2015	TOTAL
Servizos	10.666.116,09	4.140.831,88	515.579,04	15.322.527,01
Subministro	488.101,69	386.413,84	-	874.515,53
Imputacións (nota 2)	3.968.503,89	-	-	3.968.503,89
Total	15.122.721,67	4.527.245,72	515.579,04	20.165.546,43

(8) Información sobre a Execución do Ingreso Público

(a) Proceso de xestión

Os dereitos recoñecidos netos pola AMTEGA durante o exercicio de dez meses rematado o 31 de decembro de 2012, atendendo á clasificación económica do ingreso, é o seguinte (en euros):

DESCRIPCIÓN	DEREITOS RECOÑEC.	DEREITOS ANUL.	DEREITOS RECOÑEC. NETOS	DEREITOS RECADADOS	DEREITOS PENDENTE S COBRO 31/12/12
Transferencias correntes	7.805.443,14	-	7.805.443,14	6.205.149,98	1.600.293,16
Transferencias de capital	41.382.065,02	-	41.382.065,02	24.266.677,90	17.115.387,12
Ingresos financeiros	5.451,59	-	5.451,59	5.428,15	23,44
Total	49.192.959,75	-	49.192.959,75	30.477.256,03	18.715.703,72

A Axencia tivo dereitos recoñecidos a través de transferencias recibidas por parte da Xunta de Galicia durante o ano 2012 por un importe que ascende a 49.187.508,16 euros dos cales están pendentes de cobramento 18.715.703,72 euros ao 31 de decembro de 2012. Asemade, a Axencia tivo ingresos por xuros financeiros durante o exercicio 2012 de 5.451,59 euros.

(b) Debedores orzamentarios

O saldo do epígrafe "Debedores orzamentarios" do balance xunto ó 31 de decembro de 2012 inclúe 18,7 millóns de euros, aproximadamente, correspondentes cobramentos pendentes da Xunta de Galicia.

(c) Dereitos orzamentarios pendentes de cobro segundo o seu grao de esixibilidade

Ao 31 de decembro de 2012 a Axencia non dotou ningunha provisión para insolvencias por mor de que os saldos debedores rexistrados no balance adxunto corresponden na súa totalidade a saldos coa Xunta de Galicia derivados das transferencias recibidas durante o exercicio 2012.

(d) Compromisos de ingreso con cargo a orzamentos de exercicios posteriores

Non existen compromisos de ingreso con cargo a orzamentos de exercicios posteriores ao 31 de decembro de 2012.

(9) Gastos con Financiamento Afectado

A continuación preséntase o detalle dos gastos da Axencia con financiamento afectado ao 31 de decembro de 2012 (en euros):

Descrición orixe	Dereitos Recoñecidos	Descrición orixe	Obrigas recoñecidas	Diferenzas
Formación ocupacional e continua	658.468,22	Formación ocupacional e continua	658.468,22	-
Plan de modernización do servizo público de emprego	945.948,75	Plan de modernización do servizo público de emprego	945.948,75	-
Total	1.604.416,97	Total	1.604.416,97	-

(10) Información sobre o Inmobilizado non Financeiro

(a) Inmobilizacións inmateriais

O detalle e movemento do inmobilizado inmaterial da Axencia durante o exercicio 2012 é o seguinte (en euros):

Conceptos	Saldo ao 9/03/2012	Altas	Baixas	Saldo ao 31/12/2012
Custo				
Propiedade Industrial	-	4.743,60	-	4.743,60
Aplicacións informáticas	-	19.866.726,62	-	19.866.726,62
Amortización acumulada				
Propiedade Industrial	-	(474,36)	-	(474,36)
Aplicacións informáticas	-	(3.821.219,80)	-	(3.821.219,80)
Valor neto	-	16.049.776,06	-	16.049.776,06

O importe recoñecido como propiedade industrial correspóndese na súa totalidade á marca da Axencia rexistrada na Oficina Española de Patentes e Marcas.

As altas rexistradas ao 31 de decembro de 2012 no epígrafe de aplicacións informáticas corresponden fundamentalmente ás aplicacións informáticas destinadas ao soporte informático das consellerías e secretarías xerais cuxos recursos foron asumidos pola Amtega, dos cales, 1.879 miles de euros foron traspasados á Axencia no momento da súa creación.



Asemade, existen determinados contratos de mantemento evolutivo que incrementan a vida útil das aplicacións e, en consecuencia, reconfigúronse como activo nas presentes contas anuais.

(b) Inmobilizacións materiais

O detalle e movemento das inmobilizacións materiais durante o exercicio 2012 é o seguinte (en euros):

Conceptos	Saldo ao 9/03/2012	Altas	Baixas	Saldo ao 31/12/2012
Custe				
Instalacións técnicas e maquinaria	-	21.355.184,62	-	21.355.184,62
Mobiliario	-	3.178,23	-	3.178,23
Equipos para procesos de información	-	20.209.708,76	-	20.209.708,76
Amortización acumulada				
Instalacións técnicas e maquinaria	-	(1.872.465,29)	-	(1.872.465,29)
Mobiliario	-	-	-	-
Equipos para procesos de información	-	(3.932.622,32)	-	(3.932.622,32)
Valor neto	-	35.762.984,00	-	35.762.984,00

Dentro do apartado "Instalacións técnicas e maquinaria" o setenta e cinco por cento ven representado polo investimento correspondente ás instalacións tecnolóxicas construídas por Redes de Telecomunicación de Galicia, S.A. por importe de 15.746 miles de euros.

As altas rexistradas ao 31 de decembro de 2012 no epígrafe de equipos para procesos de información corresponden fundamentalmente a equipamento informático destinado a esta Axencia e ás consellerías e secretarías xerais cuxos recursos foron asumidos pola Amtega, dos cales, 5.932 miles de euros foron traspasados á Axencia no momento da súa creación.

(11) Información sobre o Endebedamento

A Axencia non ten préstamos con ningunha entidade, nin privada nin pública.

**(12) Outra Información****(a) Proxectos de cooperación transfronteriza**

A Amtega participou no ano 2012 nos seguintes proxectos de cooperación transfronteriza:

- **Proxecto 0524_CEDIM_1_E (Centro de dinamización integral para as mulleres na eurorexión Galicia- Norte de Portugal).**

Con data 2 de marzo de 2011 o Comité de Gestión del Programa Operativo de Cooperación Transfronteriza España-Portugal (POCTEP) 2007-2013 acordou a concesión dunha axuda FEDER de 534.225,00 euros para o mencionado proxecto.

Neste proxecto, ademais da Amtega, participan as seguintes entidades:

- SX Igualdade (Xunta de Galicia)
 - Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia (Xunta de Galicia)
 - Comissão para a Cidadanía e Igualdade de Gènaro-CIG (Antena CCDDR Norte).
- O coste total elegible do proxecto ascende a 712.300,00 euros sendo a cofinanciación FEDER de 534.225,00 euros. A distribución por entidade beneficiaria é a seguinte:

<u>Socio</u>	<u>Coste total elegible</u>	<u>Fondos propios</u>	<u>Cofinanciación FEDER</u>
SX Igualdade	434.150,00	108.537,50	325.612,50
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia	117.950,00	29.487,50	88.462,50
Comissão para a Cidadanía e Igualdade de Gènaro-CIG	85.000,00	21.250,00	63.750,00
AMTEGA	75.200,00	18.800,00	56.400,00
TOTAL	712.300,00	178.075,00	534.225,00

O gasto incorrido pola AMTEGA en 2012 ascende a 14.999,81 euros.

- **Proxecto 0374_ADL_1_E (Axenda dixital local da eurorexión Galicia-Norte de Portugal)**

Con data 2 de marzo de 2011 o Comité de Gestión del Programa Operativo de Cooperación Transfronteriza España-Portugal (POCTEP) 2007-2013 acordou a concesión dunha axuda FEDER de 858.919,03 euros para o mencionado proxecto.

Neste proxecto, ademais da Amtega, participan as seguintes entidades:

- Dirección Xeral de Administración Local (Xunta de Galicia)
- Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular (Portugal)
- Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular
- Comissão de Coordenação e Desenvolvemento Regional do Norte (CCDDR Norte).



O coste total elegible do proxecto ascende a 1.145.225,38 euros sendo a cofinanciación FEDER de 858.919,03 euros. A distribución por entidade beneficiaria é a seguinte:

<u>Socio</u>	<u>Coste total elegible</u>	<u>Fondos propios</u>	<u>Cofinanciación FEDER</u>
Dirección Xeral de Administración Local	304.798,00	76.199,50	228.598,50
Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular (Portugal)	159.306,87	39.826,72	119.480,15
Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular	303.868,05	75.967,01	227.901,04
Comissao de Coordinación e Desenvolvemento Regional do Norte	69.839,59	17.459,90	52.379,69
AMTEGA	307.412,87	76.853,22	230.559,65
TOTAL	1.145.225,38	286.306,35	858.919,03

O gasto incorrido pola AMTEGA en 2012 ascende a 81.265,48 euros.

(b) Remuneración a sociedade auditora

A empresa auditora das contas anuais da Axencia e aquelas outras sociedades vinculadas a ela, devengaron honorarios e gastos por servizos profesionais de auditoría das contas anuais do exercicio dez meses rematado o 31 de decembro de 2012 por importe de 16.500,00 euros.

Ditos importes inclúen a totalidade dos honorarios relativos á auditoría das contas anuais do exercicio 2012 con independencia do momento da súa facturación. Non se devengaron honorarios por outros servizos.



XUNTA DE GALICIA

Convenios 2012
(Expresados en euros)



Anexo I

Convenio	Data sinatura	2012	2013	2014	2015
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Asociación Puntogal para o impulso do dominio .gal	09/03/2012	213.000,00	-	-	-
Convenio marco de colaboración tecnolóxica entre o Consello Superior do Poder Xudicial e a Comunidade Autónoma de Galicia	30/03/2012		Sen achega económica		
Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para Coordinar actuacións no ámbito do Plan de Banda Larga de Galicia	17/04/2012				
Protocolo de colaboración entre o Instituto Galego de Consumo e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, para a realización de actividades de formación a través da Rede de centros para a modernización e innovación tecnolóxica (Rede CeMIT) e o desenvolvemento de proxectos no marco do programa Voluntariado dixital	14/05/2012		Sen achega económica		
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e la Asociación de enxeñeiros de telecomunicacións de Galicia para a posta en marcha de actividades para o fomento da sociedade da información	21/05/2012	35.000,00	-	-	-
Convenio marco de colaboración entre a Fundación para o Desenvolvemento Infotecnolóxico de Empresas e Sociedade (FUNDETEC) e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), para o desenvolvemento de iniciativas de impulso da sociedade da información e fomento do emprendemento a través das novas tecnoloxías	12/06/2012		Sen achega económica		
Adenda nº I ao Convenio marco de colaboración entre a Fundación para o Desenvolvemento Infotecnolóxico de Empresas e Sociedade (FUNDETEC) e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), para o desenvolvemento de iniciativas de impulso da sociedade da información e fomento do emprendemento a través das novas tecnoloxías para a posta en marcha do programa "Tomando as rendas"	13/06/2012		Sen achega económica		
Instrumento de cooperación competencial entre a Consellería de Traballo e Benestar, a Secretaría Xeral da Igualdade, o C.E.E.I. Galicia S.A. (BIC GALICIA) e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, para o desenvolvemento de iniciativas de impulso da sociedade da información e fomento do emprendemento a través da Rede de centros para a modernización e innovación tecnolóxica (Rede CeMIT)	13/06/2012		Sen achega económica		
Adenda ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Entidade pública empresarial Red.es para o desenvolvemento de actuacións na Comunidade Autónoma de Galicia destinadas á posta en marcha dunha rede de emrervencias	14/06/2012		Sen achega económica		
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Foro para a colaboración entre o sector público e o privado (CPP) na área das tecnoloxías da información e as comunicacións	27/06/2012		Sen achega económica		



XUNTA DE GALICIA



Convenios 2012 (Expresados en euros)

Anexo I

"Protocolo de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Mancomunidade do Ribeiro para a dotación e posta en funcionamento da aula CeMIT situada nun local propiedade da Deputación e a súa incorporación á Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT) de Galicia"	27/06/2012	Sen achega económica
Convenio de colaboración entre a Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia e a Escola Galega de Administración Pública, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación	04/07/2012	Sen achega económica
Protocolo de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Externa. Deputación Provincial de Pontevedra para a dotación e posta en funcionamento da aula CeMIT situada nun local propiedade da Deputación e a súa incorporación á Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT) de Galicia	09/07/2012	Sen achega económica
Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e Telefonía Móviles España S.A.U. para a mellora das condicións de cobertura de telefonía móbil en zonas urbanas e principais vías de comunicación de Galicia	20/07/2012	Sen achega económica
"Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia"	26/07/2012	Sen achega económica
Instrumento de cooperación competencial entre a Consellería de Traballo e Benestar, a Secretaría Xeral da Igualdade, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e a Amtega, para o desenvolvemento de iniciativas de impulso da sociedade da información e fomento do emprendemento a través da Rede de centros para a modernización e innovación tecnolóxica (Rede CeMIT)	17/09/2012	Sen achega económica
Adenda nº 2 ao Convenio marco de colaboración entre a Fundación para o Desenvolvemento Intecnolóxico de Empresas e Sociedade (FUNDETEC) e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, para o desenvolvemento de iniciativas de impulso da sociedade da información e fomento do emprendemento a través das novas tecnoloxías para a posta en marcha do programa "Miradas de muller"	17/09/2012	Sen achega económica
Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a optimización das operacións estatísticas no ámbito da sociedade da información: fogares e empresas	19/10/2012	Sen achega económica



XUNTA DE GALICIA



Convenios 2012 (Expresados en euros)

Anexo I

Convenio de colaboración para o uso compartido da torre de telecomunicacións sen fíos de acceso a internet de banda larga situada na zona de promoción industrial de Trado	31/10/2012	Sen achega económica		
Convenio de colaboración para o uso compartido da torre de telecomunicación sen fíos de acceso a internet de banda larga situada no parque empresarial de Vilamarín	31/10/2012	Sen achega económica		
Convenio de colaboración para o uso compartido da torre de telecomunicación sen fíos de acceso a internet de banda larga situada no parque empresarial de Arzúa	12/11/2012	Sen achega económica		
Protocolo de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Autoridade Nacional para a Innovación Gobernamental (AIN) da República de Panamá para a cooperación na Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións (TIC)	03/12/12	Sen achega económica		
Convenio de colaboración para o uso compartido da torre de telecomunicación sen fíos de acceso a internet de banda larga situada no parque empresarial de Castro Riberas de Lea	12/12/2012	Sen achega económica		
Acordo de prórroga do protocolo de adhesión á Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica da Xunta de Galicia entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica e 51 Concellos da Rede CeMIT	31/12/2012	-	786.272,00	-

Este anexo forma parte integrante da nota 7 da memoria das contas anuais de dez meses rematado o 31 de decembro de 2012.



XUNTA DE GALICIA



Dilixencia de sinatura
Contas anuais 2012

A Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia formula as contas anuais do exercicio económico 2012, que están formadas polos documentos que anteceden.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2013



Dona Mar Pereira Alvarez
Directora da AMTEGA

O Consello Reitor da Amtega na súa sesión de data 21 de xuño de 2013 acorda aprobar as presentes contas anuais do exercicio económico 2012.



Don Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente do Consello Reitor

**Axencia para a
Modernización
Tecnolóxica de
Galicia (AMTEGA)**

Contas Anuais

31 de decembro de 2012

(Xunto co Informe de Auditoría)



KPMG Auditores S.L.
Fama, 1
15001 A Coruña

Informe de Auditoría de Contas Anuais

Para o Consello Reitor da
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Auditamos as contas anuais da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (a Axencia), que comprenden o balance ó 31 de decembro de 2012, a conta do resultado económico-patrimonial, o estado de liquidación do orzamento e a memoria correspondentes ao exercicio de dez meses rematado na devandita data. A Directora é responsable da formulación das contas anuais da Axencia, de acordo co marco normativo de información financeira aplicable á entidade que se identifica na Nota 2 da memoria adxunta e, en particular, cos principios e criterios contables contidos neste. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as citadas contas anuais no seu conxunto, baseada no traballo realizado de acordo coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España que require o exame, mediante a realización de probas selectivas, da evidencia xustificativa das contas anuais e a avaliación de se a súa presentación, os principios e criterios contables utilizados e as estimacións realizadas están de acordo co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación.

Na nosa opinión, as contas anuais do exercicio 2012 adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia na data do 31 de decembro de 2012, así como dos resultados das súas operacións e da liquidación do orzamento correspondentes ao exercicio anual rematado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables contidos neste.

Sen que afecte á nosa opinión de auditoría, a nota 2 da memoria adxunta indica que á data de emisión deste informe existían gastos por importe de 3.968.503,89 euros, que foron incorridos en 2012 e que foron obxecto de recoñecemento aos efectos da contabilidade financeiro patrimonial

KPMG Auditores, S.L.

Daniel Fraga Romero

15 de maio de 2013

